

SALCEDA CASELAS

A N U N C I O

Téndose aprobado inicialmente en sesión plenaria de 13 de marzo de 2009 a “Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado na que se denomina zona azul (ORA)”, e sometida a exposición pública mediante anuncio publicado no BOP de Pontevedra nº 65, de 6 de abril de 2009, durante o prazo de trinta días hábiles establecido ao efecto, entre os días 7 de abril e 14 de maio de 2009, de acordo co certificado da Secretaría do Concello de quince de maio de dous mil nove, baseado no informe emitido na mesma data pola encargada do rexistro xeral do Concello, segundo o cal non foi presentada no rexistro xeral do Concello de Salceda de Caselas reclamación algúnhha, En uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1.a), r) e s) LRBRL, o Señor Alcalde ditou o quince de maio de dous mil nove decreto resolvendo o seguinte:

1.—Entender definitivamente adoptado o devandito acordo provisional de aprobación inicial da “Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado na que se denomina zona azul (ORA)”, por non terse presentado reclamación algúnhha ao mesmo durante o prazo establecido ao efecto, en aplicación do artigo 49.c) par 2º LRBRL.

2.—Dispoñer o inserimento no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do texto íntegro da ordenanza aprobada, que entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 LRBRL (de acordo co art. 70.2 do mesmo texto normativo).

ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO GRATUITO NA QUE SE DENOMINA ZONA AZUL (O.R.A.)

TÍTULO PRELIMINAR

ARTIGO 1.—OBXECTO

De conformidade co establecido no artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local, nas disposicións contidas no R.D.L. 339/1990, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, e da Lei 5/1997, do 24 de marzo, de reforma do Texto Articulado da Lei 339/1990, dítase a presente ordenanza, que ten como obxecto fixar medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos vehículos.

ARTIGO 2.—CONCEPTOS PREVIOS

1.—A Zona Azul comprende a superficie do termo municipal sinalada mediante a correspondente resolución de alcaldía e o seu réxime de estacionamento queda sometido ás normas desta Ordenanza.

2.—Dentro da Zona Azul e durante o seu funcionamento, non hai libre aparcamento, senón que tódolos espazos estarán suxeitos ó réxime de estacionamento limitado, agás que estea reservado ou prohibido expresamente, neste caso estarán sometidos ó réxime xeral de prohibicións.

TÍTULO I.—FUNCIONAMIENTO DA ZONA AZUL

ARTIGO 3.—SINALIZACIÓN VERTICAL E HORIZONTAL

1.—Sinalización vertical da Zona Azul:

Tódalas entradas e saídas estarán indicadas mediante sinais verticais e específicos de comezo e fin da Zona Azul.

2.—En canto á sinalización horizontal, os espazos estarán delimitados mediante liñas descontínuas de cor azul.

ARTIGO 4.—DISCO DE CONTROL

Dentro da Zona Azul, o condutor, ó estacionar, ten a obriga de colocar un disco de control no parabrisas do seu vehículo, no lado máis próximo á beirarrúa, ou calquera outro medio indicador que permita comprobar a hora de chegada (como por exemplo, e só de forma excepcional, unha cartolina ou papel no que se rotule a hora de chegada).

No caso de persoas con discapacidade, terán que colocar disco máis tarxeta de estacionamento para persoas discapacitadas.

O disco de control consiste nunha pequena roda de 11x11 cm aproximadamente, onde na ventá da esquerda deberá figurar a hora de chegada, que fixará o condutor ó xirar o disco, e automaticamente aparecerá na ventá da dereita a hora límite á que ten que abandonar o lugar, de acordo coa franxa horaria establecida na presente ordenanza.

ARTIGO 5.—HORARIO E DATAS DE ESTACIONAMENTO

O horario de limitación comprenderá de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, agás festivos.

O período máximo de permanencia dun vehículo será de 1 hora e 30 minutos, agás as persoas con discapacidade que será de tres horas. Unha vez concluído o tempo máximo, o vehículo deberá abandonar o aparcamento, e non poderá tornar a estacionar na mesma rúa ou praza, ata transcorridas dúas horas.

ARTIGO 6.—ESTACIONAMENTOS NON PERMITIDOS NA ZONA AZUL

Non poderán estacionar na Zona Azul:

1.—os vehículos de PMA superior a 3.500 kg, agás autorización expresa.

2.—Os vehículos que realicen operacións de carga e descarga, agás que tiveran lugar nos espazos expresamente habilitados a tal fin ou o fixeran coa oportuna autorización municipal.

ARTIGO 7.—VEHÍCULOS EXENTOS DE LIMITACIÓN NA ZONA AZUL

Están exentos das limitacións de estacionamento da Zona Azul:

1.—Aqueles vehículos que tiveran licenza municipal para actividades específicas de ocupación de vía pública.

2.—Os vehículos oficiais do estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

3.—Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Así mesmo, os vehículos de Organismos Internacionais con sede ou oficina en España, e dos seus funcionarios con estatuto diplomático.

4.—As ambulancias e vehículos dos servizos de urxencia, cando se atopen cumprindo tales servizos.

TÍTULO II

INFRACCIÓN E PROCEDÉMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 8.—INFRACCIÓN

Consideranse infraccións a esta Ordenanza:

- Estacionar en zona limitada e sobrepassar o tempo máximo autorizado reflectido no disco de control.
- Estacionar en zona limitada sen ter colocado no vehículo o disco de control, ou elemento que o substitúa á vista.
- Estacionar en zona limitada e ter o disco de control ou elemento que o substitúa colocado de forma non flexible.
- Estacionar en zona limitada e modificar o horario no disco de control ou elemento que o substitúa, un horario distinto ó de chegada.
- Estacionar en zona limitada e modificar o horario no disco de control ou elemento que o substitúa sen retirar o vehículo a máis de 250 m do lugar de chegada.

ARTIGO 9.—MEDIDAS CAUTELARES

Ser prexuízo da denuncia correspondente, o Concello poderá adoptar, nos supostos de infracción previstos no apartado 1 do artigo anterior, as medidas cautelares seguintes:

1.—A inmovilización do vehículo en tanto non se identifique ó seu condutor

2.—A retirada do vehículo da vía pública e o seu traslado ó depósito municipal.

O mesmo tempo o Concello poderá requirir o servizo de guindastre para retirar o vehículo que incumpra as normas previstas na presente ordenanza.

ARTIGO 10.—PROCEDÉMENTO SANCIONADOR

O procedemento sancionador aplicable ás infraccións desta ordenanza será o establecido na normativa vixente.

ARTIGO 11.—CADRO DE INFRACCIÓN E MULTAS

Establécese o seguinte cadro de infraccións e multas:

INFRACCIÓN	SANCIÓN
Estacionar en zona azul sen ter colocado no vehículo disco de control ou elemento que o substitúa, á vista	30 euros
Estacionar en zona azul e sobrepassar o tempo máximo autorizado reflectido no disco de control ou elemento que o substitúa	30 euros
Ocupar dúas prazas en zona azul ou non axustarse ó espazo marcado para o vehículo	30 euros
Estacionar en zona azul e ter o disco de control horario colocado de forma non flexible	30 euros
Estacionar en zona azul e modificar a hora de chegada no disco de control ou elemento que o substitúa, sen retirar o vehículo a outra rúa ou praza	40 euros

As devanditas multas reduciranse nun 30% se se fixeran efectivas dentro de prazo límite de quince días contados dende o seguinte ó da recepción da notificación de sanción.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

Contra a presente ordenanza poderá interpoñese directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano de tal xurisdicción e no prazo que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa

Salceda de Caselas, 15 de maio de 2009.—O Alcalde, Marcos D. Besada Pérez. 2009005736

* * *

SALVATERRA DE MIÑO

E D I C T O

O Pleno do Concello de Salvaterra de Miño, en sesión Ordinaria celebrada en data vinte e oito de abril de dous mil nove, acordou aprobar con carácter inicial a modificación das ordenanzas fiscais nos seguintes termos:

Primeiro.—Inclusión na Ordenanza Fiscal reguladora da “Taxa por Servizos de Casas de Baños,